

OS PERMISOS DEBEN INICIARSE NO PRIMEIRO DÍA LABORABLE POSTERIOR AOS FEITOS QUE OS MOTIVAN

**➔ NON DEBE INICIARSE O SEU CÓMPUTO
EN FIN DE SEMANA OU FESTIVO**

A doutrina do Tribunal Supremo sobre a forma de computar os permisos retribuídos por medidas de conciliación podemos resumila nos seguintes puntos:

1. O día inicial do gozo dun permiso retribuído por razón de matrimonio, nacemento de fillo ou falecemento de parente **debe coincidir cun día laborable**, concretamente, o primeiro que siga ao festivo en que se produciu o feito causante.
2. Que os convenios establezan que a ausencia será «desde que ocorra o feito causante» indica posterioridade, non inmediatez.
3. Se o permiso está fixado por días naturais, é claro que se consomen os días festivos e non laborables.
4. Cando o permiso se fixa en días laborais, se durante o seu transcurso concorre cun día festivo ou descanso semanal, suspéndese o gozo do permiso e reiníciase no seguinte día laborable. Isto sucede no caso dos permisos por nacemento de fillo e polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica.
5. Iso non impide que a data de inicio poida fixarse en termos máis favorables para o traballador ou traballadora, no convenio colectivo ou acordo de empresa. Non cabe desbotar a posibilidade de que sexa a persoa traballadora quen poida ter unha certa marxe de flexibilidade para sinalar cando iniciar o gozo do permiso.

6. Esta última cuestión maniféstase con maior claridade nas modalidades de permisos retribuídos por accidente ou enfermidade grave ou permisos por hospitalización de parentes, nas que a enfermidade ou a hospitalización non se esgota nun acto concreto, senón que se trata de **feitos causantes que se prolongan no tempo, de aí que o inicio do permiso non teña que supeditarse ao comezo da enfermidade ou da hospitalización, senón que poida comezar mentres persista a enfermidade ou a hospitalización** e ser a fórmula máis conveniente para organizar a atención á persoa que precisa coidados, cando poidan concorrer diversos familiares con dereito a permiso.
7. En materia de negociación colectiva, o **TS recorda o carácter de disposición mínima do artigo 37.3 do ET, que o convenio colectivo pode mellorar en beneficio das persoas traballadoras, pero non impoñer unha regulación máis restritiva**. Neste sentido, dispónse que o convenio pode regular puntos tales como a data de inicio e a duración do permiso en termos máis favorables para os traballadores e traballadoras.
8. **Non se aclara se é posible aplicar esta doutrina aos períodos de vacacións.**
9. **Non parece posible aplicar, sen máis, esta doutrina a outros supostos** en que opera a suspensión do contrato de traballo, **como a situación de IT**, nos que a persoa traballadora non precisa de tempo de dispoñibilidade para ausentarse da súa actividade laboral.



Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

APP
PARA MÓBILES
descarga gratuita!!!!

Disponible na
App Store

DISPONIBLE EN
Google play

